



Confederación Intersindical Galega

C.I.G. - AXENCIA TRIBUTARIA**PEIA 2020**

No día de onte fomos informados a través da Subdirección Xeral de Relacións Laborais que xa estaba asinado o creto presupuestario para o PEIA 2020 e que a autorización da Ministra xa estaba desde antes do estado de alarma. Segundo se nos informou, nese momento estaba sobre a Mesa no Comité de Dirección da AEAT un orzamento límite de 95 millóns, que permitiría manter o PEIA nos termos de anos anteriores: unha primeira parte de “Especial Intensificación de actuacións de información y asistencia al contribuyente y de prevención del fraude tributario y aduanero”, no que estarían os pagos mensuais, e unha segunda referido a outro tipo de actuacións, que sería o PEIA tradicional. Como nese momento había unha reunión na Dirección da AEAT sobre ese tema pedíusenos discreción e mantivémola.

Cal non sería a nosa sorpresa cando, uns minutos despois desta conversa co Subdirector, vemos una nota informativa dalgúns sindicatos reclamándolle á Directora de RR.HH a prórroga do PEIA 2019, no que nós entendemos que é una actuación fóra de lugar. Incomprensible, xa pois sabían, igual que nós, que o orzamento estaba asinado. ¿Porqué non o contaron?. Querer sacar rédito sindical nestes momentos e nas circunstancias nas que estamos non nos parece ético

Desde a **CIG** entendemos que non é o momento de abrir debates sobre productividades que están fóra de sitio mentras miles de compañeiros e compañeiras nosas da Administración Pública e de sectores da actividade privada están ao pé do cañón con escasez de medios de protección e arriscando a súa vida e a das súas familias. Debemos moderarnos en según que reclamacións e, polo menos desde a **CIG** sempre actúamos así, non intentar sacar tallada, aproveitarse da situación, para sacar réditos, xa sexan políticos, empresariais ou sindicais.

O debate está aberto, abreuno a Administración. Non é momento de crispacións nin de tirarse ao monte, tempos virán que lle poidamos reclamar a súa incompetencia.